



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA, E A ASOCIACIÓN “COORDINADORA PARA O ESTUDO DOS MAMÍFEROS MARIÑOS-CEMMA”, PARA A ASISTENCIA, RECUPERACIÓN E ESTUDO DOS RÉPTILES (TARTARUGAS) E MAMÍFEROS MARIÑOS VARADOS NO LITORAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a adopción de medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna silvestres que viven en Galicia.

Antecedentes:

Segundo o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente.

En concordancia con isto, a Lei 9/2001, do 21 de agosto de conservación da Natureza, no seu artigo 44, determina que será a Xunta de Galicia quen adopte as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna silvestres que viven en Galicia.

O Decreto 165/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (en adiante CMAOT) atribúelle a este órgano da Administración autonómica, as competencias e funcións en materia de ambiente e conservación da natureza.

A Asociación “Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños” (en adiante CEMMA) é unha organización sen ánimo de lucro de ámbito galego, inscrita no Rexistro de Asociacións e no Rexistro Galego de Entidades Ambientais de Galicia, que ten entre os seus fins, o fomento de accións que leven consigo a conservación das tartarugas e mamíferos mariños. En consonancia con este fin, a asociación ven participando e colaborando activamente desde 1999 na asistencia aos animais varados na costa galega e na recuperación de exemplares feridos.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación CEMMA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 10 de decembro de 2016.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Asociación “CEMMA” para a asistencia veterinaria e recuperación dos réptiles, en especial das tartarugas mariñas, e mamíferos mariños varados no litoral de Galicia, así como para a recompilación de mostras e estudo das causas de morte destes animais.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Asociación “CEMMA” está constituída por socios individuais e socios colectivos entre eles: ERVA, Asociación Naturalista do Baixo Miño (ANABAM), Asociación Galega para a Defensa Ambiental de Galicia (ADEGA), Hábitat e o Colectivo Ecoloxista do Salnés.

Asemade é membro fundador da Sociedade Española de Cetáceos e membro de European Cetacea Society. Está integrada no Plan de voluntariado de Galicia desde 2003 e foi declarada asociación de utilidade pública en 2010 (DOG nº 212, do 4 de novembro de 2010).



A Asociación “CEMMA” ademais de dispor de dúas unidades móbiles para a atención dos exemplares varados, conta cun establecemento veterinario destinado en exclusividade á atención e tratamento de reptiles e mamíferos mariños, localizado no concello de Nigrán (Pontevedra) e inscrito no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en catividade de Galicia.

As características morfolóxicas dos réptiles e mamíferos mariños, a inclusión de moitos deles no listado de especies en réxime de protección especial e no Catálogo de español de especies ameazadas, así como a distribución dispersa dos varamentos ao longo da costa galega son factores que determinan que sexa preciso contar con experiencia na manipulación e tratamento dos exemplares ademais de dispor de instalacións axeitadas e destinadas en exclusivo ao tratamento deste tipo de animais co fin de evitar contaminacións cruzadas, así como de suficiente persoal cualificado e comprometido, ben a través de persoal propio ou de voluntariado, para a súa atención, características coas que cumpre a Asociación “CEMMA” á vista da súa traxectoria na asistencia aos animais varados e de recuperación de exemplares feridos destas especies e a dispoñibilidade en réxime de exclusividade das infraestruturas e medios necesarios para desenvolver estas actuacións.

De acordo co establecido nas *Directrices Interpretativas da Asesoría Xurídica Xeral e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre o goberno en funcións, tras a celebración de eleccións o día 25 de setembro de 2016*, o presente convenio non se atoparía limitado polo previsto na letra c) do artigo 50.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (non precisaría de autorización do consello da Xunta), senón que, ao non ter a consideración de gasto corrente, encadraríase no suposto da letra d) do citado artigo, polo que cómpre a xustificación dos prexuízos que pode ocasionar a demora na tramitación do expediente, de conformidade co artigo 50.2 da Lei 1/2016.

Neste sentido, compre sinalar que anualmente varan nas costas de Galicia unha media de 280 exemplares destas especies, incluídas en instrumentos de conservación autonómicos, nacionais e internacionais. Dos exemplares varados aproximadamente, un 10 % son recollidos con vida, o que fai necesario a súa asistencia e rehabilitación inmediata como medida imprescindible para contribuír á súa conservación. É importante sinalar que a maioría destes episodios teñen lugar durante o segundo semestre do ano, concentrándose especialmente durante o último trimestre, debido ás adversas condicións meteorolóxicas propias desta época do ano. Ademais, a información obtida do estudo dos cadáveres do resto de exemplares, constitúe a información base imprescindible para a adopción das medidas pertinentes para poder incidir sobre as causas directas e indirectas de ameaza sobre estas especies.

Así mesmo, a escasa contía deste convenio (20.000€), que se aportará dentro do exercicio 2016 con cargo á partida orzamentaria 07.04.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na que existe crédito suficiente e axeitado non condicionará ou comprometerá a actuación do futuro Goberno da Xunta.

Tendo en conta pois o previsto na Lei 1/2016, e de acordo co previsto nas “Directrices Interpretativas da Asesoría Xurídica Xeral e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre o goberno en funcións, tras a celebración de eleccións o día 25 de setembro de 2016”, procede entender que se dan no presente expediente razóns motivadas que xustifican a tramitación deste convenio na presente data, entendendo así mesmo que nel concurren razóns de interese xeral (medidas de protección e conservación da biodiversidade).

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración a razón de interese xeral e dadas as circunstancias



concorrentes, xustifícase a dificultade da súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2016